

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



*Mans entrelazadas de Robert e Elizabeth Barrett Browning (1853), escultura en bronce de Harriet Hosmer*

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## **Unidade de Igualdade**

Edificio Ernestina Otero 1º andar  
Campus universitario  
Vigo-36310  
[igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal)  
986 813 419



## *CONTIDO*

---

|                                      |           |
|--------------------------------------|-----------|
| <i>AXENDA .....</i>                  | <i>3</i>  |
| <i>FORMACIÓN.....</i>                | <i>4</i>  |
| <i>CONGRESOS E SEMINARIOS.....</i>   | <i>4</i>  |
| <i>CONVOCATORIAS.....</i>            | <i>4</i>  |
| <i>SUXESTIÓNS.....</i>               | <i>5</i>  |
| <i>RECURSOS.....</i>                 | <i>7</i>  |
| <i>NOVAS DO DUVI.....</i>            | <i>9</i>  |
| <i>NOVAS.....</i>                    | <i>9</i>  |
| <i>DATOS.....</i>                    | <i>12</i> |
| <i>FERRAMENTAS DE IGUALDADE.....</i> | <i>12</i> |

# XANEIRO

|   | Luns             | Martes                   | Mércores      | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|---|------------------|--------------------------|---------------|-------|--------|--------|---------|
| 1 | 30               | 31                       | 1<br>Ano Novo | 2     | 3      | 4      | 5       |
| 2 | 6<br>Día de Reis | 7                        | 8             | 9     | 10     | 11     | 12      |
| 3 | 13               | 14                       | 15            | 16    | 17     | 18     | 19      |
| 4 | 20               | 21                       | 22            | 23    | 24     | 25     | 26      |
| 5 | 27               | 28<br>San Tomé de Aquino | 29            | 30    | 31     | 1      | 2       |

## AXENDA

**23 de xaneiro.** *Presentación e lanzamento do xornal participativo Homes de Coidado. Esta acción, que se desenvolveu ao longo do ano 2024, foi feita grazas ao apoio da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia cos fondos do Plan Corresponsables.*

**Do 27 de novembro ao 31 de xaneiro.** *Exposición Compartir es Vivir/Sharing is Living. Compromiso-Educación-Transformación nos exteriores do Edificio de Ferro do campus de Ourense. Artistas de seis países reivindicán o papel das mulleres artistas e danlle visibilidade á loita contra a violencia de xénero [+Info](#)*

---

## FORMACIÓN

---

*Ideas capitais do pensamento político feminista.* Aberta a inscrición na 3ª edición do curso de especialización en modalidade presencial ata o 13 de xaneiro. [+Info](#)

*V Ciclo de seminarios Conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdade.* De novembro do 2024 a xuño do 2025. (ES) [+Info](#)

---

## CONGRESOS E SEMINARIOS

---

*VII Congreso Internacional Ciencia, Feminismo e Masculinidades (CICFEM).* Os días 7 e 8 de marzo do 2025. En liña ou presencial en Valencia. (ES) [+Info](#)

*I Congreso Internacional Corporalidades Sociais, Subxectividades e Disidencias. Simposio Corpo, Xénero e Sexualidade.* Dispoñible para ver en liña. (ES) [+Info](#)

---

## CONVOCATORIAS

---

*Convocatoria para ponencias individuais na conferencia «Intersectionality in Activism and Advocacy in Europe and beyond» na Universidade de Thessaloniki.* Ata o 6 de xaneiro. (EN) [+Info](#)

*Convocatoria extraordinaria de Becas Leonardo dedicada a Física e Química e Enxeñarías da Fundación BBVA.* Ata o 31 de xaneiro. (ES) [+Info](#)

*Bolsa PARC Tanya Baker-Asad 2025-2026 de doutoramento para mulleres palestinas.* Ata o 10 de xaneiro. (EN) [+Info](#)

*III Congreso Internacional sobre Masculinidades e igualdade: Comunicación, Cultura e Medios Audiovisuais.* Recepción de artigos ata o 17 de xaneiro en valenciano, castelán e inglés. [+Info](#)

*Premio para persoal investigador emerxente Gender, Place and Culture.* Ata o 31 de xaneiro. (EN) [+Info](#)

*Convocatoria de artigos sobre manfluencers, masculinidades e a práctica da misoxinia en contornas educativas. Gender and Education.* Ata o 31 de xaneiro. (EN) [+Info](#)

*II Congreso Feminismos e Humor: Humor-sofías.* Ata o 01 de febreiro. (ES) [+Info](#)

*Convocatoria de artigos de Diversity & Inclusion Research coa temática «Compromiso crítico coa equidade, a diversidade e a inclusión: perspectivas desde a arte, o activismo e a investigación».* Ata o 01 de febreiro. (EN) [+Info](#)

*Convocatoria de artigos sobre feminismo, antifeminismo e a mobilización do arrepentimento. Signs.* Ata o mes de maio. (EN) [+Info](#)

*Convocatorias de artigos da revista Biology of Sex Differences.* (EN) [+Info](#)

## SUXESTIÓNS



Fotografías de Linda Coffee e Sarah Weddington, as avogadas que promoveron e gañaron o caso de Jane Roe

En 1969, en Texas, unha moza de 21 anos coñecida poloseudónimo legal de Jane Roe quedou embarazada e decidiu abortar. Un dereito prohibido neste Estado a menos que a vida da nai corra perigo. En 1973, tras un longo proceso xudicial, o Tribunal Supremo dos Estados Unidos recoñeceu o aborto como un dereito constitucional durante os primeiros tres meses de embarazo en todo o país. Esta sentenza, porén, foi revogada en 2022 pola Corte Suprema de maioría conservadora coa sentenza Dobbs, que devolveu aos estados a capacidade de decidir sobre este dereito das mulleres. Actualmente, en catorce estados o aborto é completamente ilegal e oito implementaron medidas restritivas moi severas.

Actualmente, en Texas o aborto está prohibido incluso en casos de violación ou incesto, e a única posibilidade para algunhas mulleres é saír do estado se teñen esa capacidade. Esta situación é un exemplo recente de como dereitos, que parecían consolidados, están continuamente en tensión en momentos e territorios diferentes, aumentando as fendas de xénero e a desigualdade social.



De arriba a abaixo, de esquerda a dereita, Louise Erdrich, Elaine Vilar Madruga, Maggie Shen King, Margaret Atwood, Sophie Mackintosh e Bina Shah

Unhas condicións que nos remiten a distopías feministas como *Swastika Night* (1937) de Katherine Burdekin (publicada coseudónimo masculino de Murray Constantine), *Egalías dñtre* [As fillas de Egalia] (1977) de Gerd Brantenberg que fai un exercicio de inversión dos roles de xénero para visibilizar a estrutura patriarcal ou a famosa novela *O conto da criada* (1985) de Margaret Atwood, que está sendo adaptado nunha serie de televisión. Esta produción de distopías feministas continuou nas seguintes décadas e podemos destacar as recentes [El Poder](#) (2016) de Naomi Alderman,

amadrinada por Margaret Atwood e tamén levada ao formato audiovisual, [Future Home of the Living God](#) (2017) de Louise Erdrich, [An Excess Male](#) (2017) de Maggie Shen King, [The Water Cure](#) (2018) de Sophie Mackintosh, [Before She Sleeps](#) (2018) de Bina Shah ou [El cielo de la selva](#) (2023) de Elaine Vilar Madruga, entre moitas outras.

Desde a súa orixe as [novelas distópicas](#) utilízanse para amosar o que pode ocorrer tras determinadas accións e para criticar a orde establecida. A diferenza destas, cando se empeza a incorporar a compoñente feminista na década de 1970, créanse obras centradas en personaxes femininas, destacando as opresións que estas

viven pero tamén a resistencia que presentan e o seu papel activo para liberarse da desigualdade. Estas obras de ficción fan un exercicio de imaxinación que nos axuda a reflexionar sobre a desigualdade de xénero, a misoxinia, a violencia cara as mulleres e o sexismo institucionalizado ao desvelar a construción social da desigualdade. Suxerimos escoitar o podcast de Sangre Fucsia [Distopías feministas](#), para continuar afondando nas obras desta temática.

Ben sexa polos algoritmos, por factores contextuais, polo nivel formativo ou pola coñecida como reacción ao feminismo, na actualidade estamos vendo como se consolida unha nova fenda política de xénero que ten un punto de tensión forte nos roles de xénero. Segundo o [Barómetro Juventude y Género 2023](#), elaborado polo Centro Reina Sofía de Fad Juventud, hai un aumento das crenzas tradicionais sobre os roles de xénero entre a mocidade española. Observáronse tendencias como o negacionismo da violencia de xénero e a percepción da parella como un espazo opresivo, especialmente entre os mozos. No informe [Percepcións sobre a igualdade entre homes e mulleres e estereotipos de xénero](#), publicada polo CIS en 2024, aínda que hai un amplo acordo en que a igualdade contribúe a facer unha sociedade máis xusta, tamén se atoparon crenzas estendidas como a percepción de que a promoción da igualdade chegou tan lonxe que discrimina aos homes (38 % da poboación e 44,1 % dos homes) ou que a maternidade é a maior satisfacción que unha muller pode ter (58,9 %). O proxecto [GENPOL III](#) de Mónica Ferrín Pereira e Gema García Albacete advirte das [diferenzas nos intereses políticos](#) entre mulleres e homes, tanto nos temas como nos niveis da política. E, tal e como se leva tempo advertindo en diferentes estudos, crece tamén a [diferenza ideolóxica](#), sobre todo nas xeracións máis novas, o que está a provocar que se fale dunha nova «guerra de sexos» que podería dificultar a comunicación e a convivencia.

Estes datos destacan a necesidade de imaxinar e construír un futuro máis equitativo, unha fórmula á que recorreron moitas autoras ao longo da historia para cuestionar a estrutura patriarcal. As utopías feministas ofrecen unha alternativa á sociedade patriarcal, onde mulleres e homes viven fóra de roles e estereotipos de xénero.

A obra de referencia é [A cidade das mulleres](#) (1405) de Christine de Pizan, considerada a primeira escritora profesional da historia, onde se describe unha sociedade ideal construída por e para mulleres e habitada por figuras como María Magdalena, Semíramis, as amazonas, Circe, Zenobia, Minerva ou Helena de Troia. Esta novela forma parte do debate coñecido como [Querela das mulleres](#), e ofrece unha resposta pública a aqueles que cuestionaban a capacidade das mulleres e promovían a misoxinia.

A literatura de ciencia ficción –que ten a súa orixe en [Frankenstein ou o moderno prometeo](#) (1818) de Mary Shelley, a segunda filla de Mary Wollstonecraft– tamén explorou as [utopías feministas](#). Autoras como Ursula K. Le Guin e Octavia E. Butler empregaron este xénero para cuestionar os roles de xénero. En [The Left Hand of Darkness](#) de Le Guin, describe unha sociedade sen distinción de xénero, mentres que [Kindred](#) de Butler afonda na resistencia feminina en contextos de opresión extrema. Estas historias invitan a imaxinar futuros máis xustos e equitativos. Pequenas editoriais como [Crononauta](#) ofrece un catálogo centrado na ciencia ficción feminista para coñecer un amplo abano de posibilidades, o mesmo sucede con outras como [Cerbera](#), [Amor de Madre](#), [Triskel](#) ou [Palabaristas](#).

Por iso, para reverter esta crecente segmentación social en favor de un novo pacto social máis igualitario, aproveitamos o comezo dun novo ano para facer nosas as palabras de [Gisèle Pelicot](#): «Confío agora na nosa capacidade de construír colectivamente un futuro no que mulleres e homes poidan vivir en harmonía, con respecto e comprensión mutua». Atrévámonos a nomear ese espazo común, inventar as súas condicións, acordar como construílo, permitírnos chegar a el.

## RECURSOS

---

*Cinco claves da enquisa de ISACA sobre o lugar de traballo e a cultura tecnolóxica.* (EN) [+Info](#)

*Dixitalización do sistema prostitucional: transformación e deslocalización.* (ES) [Gravacións da sesións](#)

*Xornadas: Democratizar os coidados e a vida doméstica.* (ES) [Gravacións da sesións](#)

*Contrarrestar a violencia de xénero, incluído o acoso sexual, no sistema de investigación e innovación da UE.* (EN) [+Info](#)

*Informe Gordofobia: Análise sobre a representación da diversidade corporal na ficción española do 2022 en cine e televisión.* (ES) [+Info](#)

*Diferenzas de xénero nos tempos de demora no infarto de miocardio con elevación do segmento ST: Un estudo de cohortes.* (EN) [+Info](#)

*Caderno de arqueoloxía feminista “La infancia griega” de Pastwomen.* (ES) [+Info](#)

*Un estudo da USC observa “fortes vínculos” entre sexo pagado, pornografía e violencia contra as mulleres, cun impacto negativo dos novos medios nas prácticas sexuais.* (ES) [+Info](#)

*Como mulleres no mundo académico, ter fillos pode parecer imposible. Falar diso fainos sentir menos soas.* (EN) [+Info](#)

*Percepción do consumo de pornografía-prostitución en liña e a normalización das violencias sexuais entre o alumnado da UVigo: Primera aproximación.* (GA) [+Info](#)

*Mulleres en redes de «vellos amigos»: fendas de clase social e de xénero no capital social individual de España.* (EN) [+Info](#)

*Progreso cara a igualdade de xénero na investigación e innovación. Revisión 2024* (EN) [+Info](#)

*25N Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres. Campaña de contidos co obxectivo de visibilizar e explicar as diversas formas de violencia machista que afectan as mulleres.* (ES)

- [Que son os feminicidios ?](#)
- [Cal é a orixe do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres?](#)
- [Que é a violencia sexual ?](#)
- [Distintas formas de violencia machista](#)

*Universidades socialmente comprometidas. Cal é o seu papel ante os retos sociais?* (ES) [+Info](#)

*Seguen vivos os estereotipos de xénero no século XXI ?* (ES) [+Info](#)

*Atlas da penalización por ter crianzas.* (EN) [+Info](#)

*I Observatorio Muller e STEM: que pensan as mozas españolas?* (ES) [+Info](#)

*Violencias económicas e saúde financeira: Un estudo xurídico* (ES) [+Info](#)

*Macroestudo. Trata, explotación sexual e prostitución de mulleres: unha aproximación cuantitativa.* (ES) [+Info](#)

*Feminicidios e outros asasinatos de mulleres. Informe España 2023* (ES) [+Info](#)

*Estudo sobre actitudes machistas entre a poboación adolescente e moza de Euskadi. Como se enfronta a xuventude ás actitudes machistas?, EDE Fundazioa.* (ES) [+Info](#)

*Mudando a ecuación: asegurando futuros STEM para as mulleres.* (EN) [+Info](#)

*Cuantificando a deserción na ciencia: un estudo lonxitudinal de grupo sobre persoal científico de 38 países da OCDE.* (ES) [+Info](#)

*O uso do tempo dos pais durante a baixa de paternidade: coidados ou ocio?* (ES) [+Info](#)

*Proxecto Manuela de investigación para avaliar o impacto da alimentación e o estilo de vida na saúde das mulleres en España.* (ES) [+Info](#)

*Informe de responsabilidade Generation Equality 2024.* (EN) [+Info](#)

*Visión de homes e mulleres sobre as políticas de emprego para combatir a despoboación na España rural.* (EN) [+Info](#)

*Por que algunhas mulleres entran cedo na menopausia e como iso podería afectar o seu risco de cancro.* (EN) [+Info](#)

*Feminist Africa 2024, volume 5, 2. «Repensar os feminismos africanos é o ‘novo’ normal».* (EN) [+Info](#)

*Un futuro con igualdade de xénero en crise? Achados do Índice de Xénero SDG 2024.* (EN) [+Info](#)

*Informe Mulleres Investigadoras 2024. Comisión de Mulleres e Ciencia do CSIC.* (ES) [+Info](#)

*Os talibáns «arruinaron a miña vida». Científicas que fuxiron tras a toma do poder alzan a voz.* (EN) [+Info](#)

*A exposición á fame no ventre materno duplica o risco de diabetes décadas despois.* (EN) [+Info](#)

*Os nesgos de xénero poden estar funcionando a nivel de disciplinas enteiras* (EN) [doi.org/10.1038/d41586-024-02502-6](https://doi.org/10.1038/d41586-024-02502-6)

---

## NOVAS DO DUVI

---

*A Unidade de Igualdade dedica o seu almanaque á inclusión da perspectiva de xénero na investigación científica* [+Info](#)

*Nomean a profesora Águeda Gómez Suárez asesora científica do Ministerio de Igualdade* [+Info](#)

*Un lustro premiando os mellores expedientes femininos da UVigo en Ciencias e Enxeñaría* [+Info](#)

---

## NOVAS

---

*A Policía retira a antiabortistas que rezan fronte á Clínica Dator e ás mulleres que protestan* (ES) [+Info](#)

*20 anos da lei que sacou da intimidade do fogar unha violencia machista que sofre polo menos o 30 % das mulleres* (ES) [+Info](#)

*Unha app para que as nais fagan match e poidan compartir o coidado das criaturas con outras mulleres para poder conciliar* (ES) [+Info](#)

*Descubertos grupos de chat sobre violacións de ata 70 000 integrantes* (EN) [+Info](#)

*O estrés navideño ten rostro de muller: «Hai unha parte da poboación que está de vacacións e outra que non»* (ES) [+Info](#)

*Falece Marisa Paredes* (ES) [+Info](#)

*Declarados culpables todos os acusados do caso Pelicot e pena máxima para o exmarido* (ES) [+Info](#)

*O reto da igualdade tamén en saúde mental* (ES) [+Info](#)

*A beleza feminina na poesía do Século de Ouro: un ideal de perfección efémero e irreal* (ES) [+Info](#)

*Beleza, desagravio e reflexión no primeiro museo europeo consagrado a mulleres artistas* (ES) [+Info](#)

*As mulleres que nunca enferman por traballar (aínda que si o fan)* (ES) [+Info](#)

*O Goberno de Milei inicia unha caza de bruxas contra escritoras feministas tras acusar as súas obras de «pornográficas»* (ES) [+Info](#)

*Milei deixa Arxentina sen políticas estatais de control de natalidade e de saúde sexual* (ES) [+Info](#)

*O síntoma do tendeiro* (ES) [+Info](#)

*As folgas de sexo e o movemento 4B: o fenómeno nado en Corea que propón pararlle os pés aos homes de ultradereita* (ES) [+Info](#)

*A pretendida universalidade e neutralidade do canónico é un punto de vista masculino* (ES) [+Info](#)

*Xustiza transformativa: do dito ao feito* (ES) [+Info](#)

*Como un escándalo sobre compresas está a dar forma ao activismo feminista en China* (EN) [+Info](#)

*Vivimos peor que os nosos pais (e mellor que as nosas nais)* (ES) [+Info](#)

*O maltrato verbal ás mulleres nas redes trasládase á intelixencia artificial* (ES) [+Info](#)

*Feministas protestan contra a cume ultra antiaborto que chega ao Senado da man do PP* (ES) [+Info](#)

*As mulleres por diante e por detrás das series españolas* (ES) [+Info](#)

*A vicepresidenta de Namibia gaña as eleccións e convértese na primeira presidenta do país* (ES) [+Info](#)

*Anticonceptivos hormonais masculinos: una cuestión de equidade* (ES) [+Info](#)

*Senfogarismo con perspectiva de xénero* (ES) [+Info](#)

*Seis de cada dez nais indican que senten culpa ao delegar os coidados noutras persoas* (ES) [+Info](#)

*Manifiesto pola equidade nos premios de ciencia en España: máis do 90% van a homes* (ES) [+Info](#)

*Políticas públicas, homes e igualdade: "O cambio dos homes é imposible sen as mulleres"* (ES) [+Info](#)

*Por que leva cinco anos Juana Rivas loitando pola custodia dos seus dous fillos?* (ES) [+Info](#)

*Detido o patrón dunha patera pola presunta violación dunha menor* (ES) [+Info](#)

*A activista feminista Pamela Palenciano denuncia o boicot dun profesor ao seu monólogo sobre violencia machista* (ES) [+Info](#)

*A loita das 'invisibles': as traballadoras de coidados organízanse polos seus dereitos e piden «recoñecemento social»* (GL) [+Info](#)

*O Parlamento incumpre desde hai 3 anos a obriga de contar cun Plan de Igualdade* (GL) [+Info](#)

*A firme e tenaz revolución das mulleres en Irán* (ES) [+Info](#)

*«Só son unha moza» que hai detrás da frase que pasou de reivindicar a feminidade a «tontificar» ás mulleres* (ES) [+Info](#)

*España mantense entre os países coa taxa de igualdade de xénero máis alta da UE* (ES) [+Info](#)

*«Se vos identificades con estes sinais, saíde correndo»:* Ana Peleteiro comparte a violencia machista que sufriu (GL) [+Info](#)

*As comunidades apuran o calendario para poñer en marcha os centros de crise para vítimas de agresións sexuais* (ES) [+Info](#)

*As mulleres iranianas poderían enfrontarse á pena de morte por desafiar as novas leis de moralidade* (EN) [+Info](#)

*Premios GirlGeekPower reconece ás mellores alumnas de Ciencias, Enxeñarías e Arquitectura da UVigo* (GL) [+Info](#)

*En Colombia, a piscicultura dirixida por mulleres ofrece unha alternativa aos cultivos de drogas* (EN) [+Info](#)

*O síndrome da filla maior ou nenas sobrecargadas de responsabilidade* (ES) [+Info](#)

*Medra a rabia por unha serie de brutais asasinatos de mulleres en Kenia* (ES) [+Info](#)

*España mantense cuarta da UE en igualdade de xénero, segundo o informe anual do EIGE* (ES) [+Info](#)

*Desinformación e antifeminismo, un cóctel para violentar e silenciar ás mulleres* (ES) [+Info](#)

*Un estudo galego revela que os infartos en mulleres tardan 23 minutos máis en atenderse* (GL) [+Info](#)

*A Academia de Cine revisará as súas normas tras unha onda de dimisións polas acusacións de varias mulleres contra un cineasta* (ES) [+Info](#)

*Claudia Goldin, Nobel de Economía 2023: “Feminismo converteuse nunha palabra moi fea nos Estados Unidos* (ES) [+Info](#)

*O Ministerio de Cultura pon en marcha o I Plan de Igualdade na Cultura* (ES) [+Info](#)

*A Deputación publica as bases da nova edición de +Xuntas, con máis de 300 obradoiros para formar as mulleres da provincia* (GL) [+Info](#)

*«Alguén recorda algunha contra Chicote?»: o novo presidente de RTVE carga contra as críticas a Lalachus, presentadora das badaladas con Broncano* (ES) [+Info](#)

*A vida de Ana Orantes, alén dos malos tratos: así era a muller que quixo aprender a escribir o seu nome* (ES) [+Info](#)

*Detida a cantante iraniana Parastoo Ahmadi despois de dar un concerto por streaming sen hiyab* (ES) [+Info](#)

*Aprobado o protocolo para crear os rexistros de obxección de conciencia para o aborto* (ES) [+Info](#)

*ISACA revela o papel da Intelixencia Artificial e das Tecnoloxías da Información no equilibrio da fenda de xénero na tecnoloxía* (EN) [+Info](#)

## DATOS

*Índice de Igualdade de Xénero 2024: Manter o impulso nun camiño fráxil* [+Info](#)

Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

*Informe Global de Fenda de Xénero 2024* [+Info](#)

*Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España* [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

*Científicas en Cifras 2023* [+Info](#)

*Observatorio Igualdade Emprego* [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

*Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero* [+Info](#)

*As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas* (EN) [+Info](#)

*Mapeo do teito de cristal das rexións europeas* [+Info](#)

*Institucións sociais e índice de xénero* (EN) [+Info](#)

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego e inglés.

*Recursos contra as violencias machistas da UVigo* (GA/EN) [+Info](#)

*Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo* En [Ourense](#) e [Vigo](#).

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**  
Servizos municipais de atención psicoló-xica,  
xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20  
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24  
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí  
900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vítima** (nas tres cidades)  
[Cita previa](#)

**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 [+Info](#)

**APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero.** Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES)** [+Info](#)

**Guía de actuación fronte á violencia machista** [+Info](#)

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** [+Info](#)

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** [+Info](#)

**Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos** [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

**RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais** [+Info](#)

**Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por VX, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.** [Ano 2024](#)

**Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Axudas para a atención integral a persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata.** [Ano 2024](#)

**Axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de inserción sociolaboral de mulleres vítimas de violencia de xénero.** [Ano 2024](#)

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)